REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXIX • Nº 784 - Do 16 ao 29 de mazo de 2009



Xa empezamOOS?

A foto que fala



A crise. Parecería unha guerra, pero na realidade é un oficial do Sheriff revisando unha casa logo de que os seus propietarios fosen desauciados polo impago dunha hipoteca. Foi a mellor foto do 2008 (Anthony Suau).

O trasno O peso electoral da repugnancia

Daniel López Muñoz



Hai varios trazos no chamado quintanismo que xustifican en parte o que pasou. Un deles é a desconsideración do peso electoral da repugnancia. Esa desconsideración é un erro de vulto. Non se pode ser alleo a sensibilidade ética e cultural do propio electorado.

Certos medios non son inocentes nin amigos. Iso sabíase. Pero non se lles pode dar tanta desculpa, tanto motivo, tanta carne para alimentar a contracampaña.

A cousa mental, agora que fomos aprendendo, debe funcionar mais ou menos así: "Eu, por destino histórico, represento o ben e o progreso. Estou, por esencia, no lado bo da película da Historia. A miña ocupación do poder é, xa que logo, e indiscutiblemente, positiva. Polo tanto, o fin –que eu siga- xustifica e desculpa calquera medio, calquera maneira de xuntar votos e adhesións. Así, aos que me votan seguro e por sempre por que son dos meus –porque aceptan que eu son un ben esencial- sumarei aqueles aos que eu capte, aplicando variopintas tácticas electorais".

Erro fatal. As contas non dan. Por cada vello ou "muller rural" á que se convence a base de paparota e acarrete, hai dous votantes que se perden por repugnancia. E así outros exemplos. Houbo ben voces, dentro da propia organización que o advertiron: o BNG converteuse nunha máquina electoral, dixeron. Faltou un matiz: unha máquina electoral escorrenta-votos.

O castigo foi excesivo, porque non tivo en conta o que se fixo, senón só o estilo dirixente. E houbo moito traballo e logros moi defendibles e vendibles, comezando polo eólico famoso. Rural, benestar, vivenda, moita cousa boa... e a casa a medio facer. Non foi o "que", foi o "como". Divismo, desconfianza, distancia, caneo electoraleiro de mala corredoira.

Aposto que o BNG estaría agora consolidando proxectos en marcha co seu socio de goberno, se o estilo de liderado fose outro. Sinxeleza, confianza, positividade. Respecto pola liberdade e a intelixencia do electorado. Proximidade á xente común, apertura, naturalidade no trato. Sentido da participación, capacidade para deixarse cuestionar e aconsellar. Sabedoría autocrítica. Autoridade moral. Enxebreza. Ilusión contaxiosa.

A responsabilidade dos escorrenta-votos é grande, moi grande. Pero non saben ata que punto. É parte do seu estilo.

Editorial Á esculca do futuro

Propuxémonos buscar, na mesa de redacción, argumentos para a esperanza.

Hai un que non percibimos, porque o damos por suposto: cando tomamos contacto con espazos políticos sinistros –que abundan no planeta e non fai falta remontarnos a Zimbawe-, vemos que o noso sistema ten moito de defendible. Parece unha simpleza, pero en situacións de "dereitazo" electoral como a recentemente vivida, cómpre celebrarmos que o poder estea controlado, repartido e fiscalizado. Haberá unha transición civilizada e, ao remate, en moitos temas en cuestión durante a campaña, volverase en boa parte aos consensos básicos, ao camiño institucional.

Boa parte dos proxectos iniciados faranse institución

A xente votou, votou masivamente. A xente non é indiferente á maneira de exercer a acción de goberno. Hai leccións que aprender e, neste número, na prensa e en diversos medios, hai varias opinións interesantes ao respecto.

O bipartito puxo en marcha proxectos de enorme interese para o país. Deuse un importante cambio de rumbo nas políticas referidas ao medio rural, á fixación de poboación, ao papel da muller e da mocidade nas novas explotacións agrarias, a modernización da producción de calidade, ao aproveitamento de terras ociosas e ao desenvolvemento participativo. Puxéronse as bases legais e o planeamento para favorecer un acceso a vivenda digna e asequible. Incrementáronse bolsas nos estudos medios. O coidado da paisaxe e a disciplina urbanística pasaron a ser parte da axenda política. Por primeira vez púidose falar en serio do dereito aos servizos sociais, da construción dunha rede de centros de atención ás persoas e de novas prestacións.

Boa parte deses proxectos quedará. Faranse institución. Serán máis poderosos e sólidos que a ideoloxía dos que gobernen, entre outras cousas porque son proxectos queridos por unha maioría social. Así aconteceu no pasado coa Seguridade Social, o ensino público ou a xornada laboral de oito horas. Avances sociais que requiren coidado e atención, pero que están aí e son dificilmente desmontables.

En calquera caso: a democracia que temos –e non hai outras moi diferentes- vai diso. Alternancia e aprender dos erros. Mellorar no exercicio do goberno e ...da oposición.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pecha os ollos e imaxina un mundo sen cinema. So o fas daraste de conta que crearás unha película. O cine é un invento sensacional. Oín dicir que o cine nos ensinou a bicar. Será certo? A min gústame pensar que si. Todos gozamos algunha vez na vida con algunha película. Non te sentiches orgulloso con Sempre Xonxa? Non gozaches con A vida é bela? Que sentiches vendo Casablanca? Cal foi a "peli" da túa vida? Cal me recomendas hoxe?



Ver cine é un exercicio incrible de apertura de mente. Ver unha película fainos ver a visión da realidade que outras persoas teñen. Iso nos enriquece. Cantas veces saímos dunha película con esa sensación? Eu hoxe veño a falarvos de dúas que creo que poñen a funcionar o cerebro e o corazón.

"Camino" é a película gañadora dos Goyas últimos. Na miña opinión durísima e arrepiante. Difícil de ver e de dixerir. Hai xente que na Igrexa nos pide que non vaiamos a vela. Creo que debemos vela. Os cristiáns temos argumentos para ser moi críticos con ela pero tamén para aprender e reflexionar. Debater, opinar, escoitar e saber outras opinións non é malo.

"Slumdog Millionaire" é a película gañadora dos Oscar. Boa película e entretida. Ten os seus momentos difíciles, os seus momentos cómicos e a súa historiña de amor. Tamén cha aconsello se non vas con interese dunha fonda reflexión sobre a situación social da India.









A peneira

1

No cabodano de TINTXU, o 22, seguimos gozando da súa amizade e xenerosidade, agora dende a patria do amor. Ao pé do Teléfono da Esperanza, agasallándonos cunha acollida, sen fronteiras, co rigor co que traballou coma xornalista. Un sabio que comparte a súa experiencia e ciencia plural: políglota, deportista e xerente do Club Fontiñas, concelleiro con Unidade Galega nas primeiras municipais da democracia, fai 30 anos, o 3 de abril... Seguimos lendo infinidade de mensaxes súas, arreo, coma antes por internet, de quen se converteu nunha labarada de luz, loitando contra as sombras... O Azúmara, o río dos seus ensoños, segue falándonos del. Xa é unha raíz emocional de Irimia, forma parte dela para sempre. Ata chegou a orientarnos con lucidez na travesía electoral, coma adoitaba, con pingas de ironía e xeito sereno.

2

No Día da Clase Obreira, celebramos o acerto da Fundación 10 DE MARZO, de publicar "O rapás da aldea. Memorias dun traballador (1918-1976)". A autobiografía dun obreiro de Barreras de Vigo, Manuel Barros, 870 folios a lapis. Republicano e militante comunista, loitou con coherencia contra a ditadura. Reflicte as tensións do mundo laboral dos 60 e 70, igual cá transformación do mundo rural de Coruxo en urbano, a comezos do XX. Unha fundación que está dando a coñecer a historia deste período, así coa revista 'Dez-eme', que ten investigado as relacións da resistencia guerrilleira no monte e o PCE, que se afastan no 1959, hai agora 50 anos, cando o partido se compromete a fornecer a todas e todos dunha boa preparación política.

3

O equinoccio, o 21, inicia o ano solar persa, o **Noruz ou "novo día",** nun IRÁN preelectoral. Igual ca en Afganistán e a India, na Asia Central, Paquistán, os Kurdos, rematando na Festa da Natureza, o 13º día. Na mesa de Norouz, estréase roupa e agasállase a nenos e comensais con auga de rosas e doces. Eleccións o 12 de xuño, mergullados na inflación do 50%, e o paro, o 20% (500.000 empregos menos en 6 meses), pola baixada do petróleo (80% das divisas e 60% dos gastos). A 5ª parte da poboación fica na miseria (14 millóns). Sen refinerías, importan a gasolina, dilapidando os recursos. O bloqueo impide infraestruturas e produción de bens. Este marasmo enriquece a uns poucos. Na foto, Hana Makhmalbaf, a máis nova dun clan de egrexios cineastas, con *Buda explotou por vergonza*. A parábola afgá dos xogos de guerra de adultos que converten a nenos en atroces copias dos pais. Filla do director de *Gabbeh*, *Kandahar*...

4

O TIBET, no suroeste da China, viviu séculos pechado nun feudalismo que escravizaba a poboación. Forma o altiplao máis alto, "o teito do mundo". Hai 50 anos, o 10, os "kampas" erguéronse en armas contra a submisión chinesa, que abortou aquel independentismo e que supuxo a morte de 10.000 (un millón dende 1950), e o exilio do Dalai Lama, "Océano de sabedoría", á India, e un millón máis de budistas. Mao persiguíu a cultura e crenzas do país con toda a saña. Na foto, o monxe budista galego, Martiño García Pérez, enxeñeiro e profesor, agora fotógrafo, que loita pola convivencia entre a súa crenza e a cultura occidental. Ligado a unha cultura, relixión, idioma, etc., masacrados dende a invasión no 1950. Fronte á loita pacifista dos tibetanos, China incrementou o presuposto militar, o pasado ano, un 17,85.

6



8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

Celebramos as **ÁRBORES**, o 21. Nas casas hai unha que garda a memoria da familia, e vai acubillando as xeracións. Laiámonos coa morte de moitas polo vendaval, máis co lume do 2006. Na foto, o pinsapo, do 1972, que substituíu, ao que plantaron cando naceu Otero Pedrayo, "o seu irmanciño". Uns 40.000 veciños teñen 133 millóns de m^3 de madeira. O 70% de Galiza é forestal (2 millóns hectáreas, 600.000 improdutivas), na que a crise pode destruír 3000 empregos. Producimos o 43% da madeira serrada, o 33% do taboleiro e o 35% da pasta de papel a nivel de estado. É o 3,5% do PIB galego, 25.000 empregos directos, e ata 30.000 en toda a cadea. En Lugo é a 2ª actividade. O 16/19% da que arribou á UE no 2006 proviña de cortes ilegais: China, Rusia, Indonesia, Brasil…, 31 millóns de m^3. Non se aprecian, e absorben ao ano, 14 millóns de toneladas. de CO^2, 2,5 veces máis do que contaminamos cos coches. E os restos de podas e rareos poden producir 200 MW/ano. Son 2860 comunais e 600.000 propietarios particulares.

6

No "Día do **SEMINARIO**", resoa un clamor, sobre todo en América, para que os católicos se abran a outras formas de sacerdocio - coma os cristiáns ortodoxos, anglicanos- ao feminino e á posibilidade do matrimonio, mesmo en EEUU, despois da travesía durísima dos escándalos de pederastia. En España, o 10% dos seminaristas actuais naceron fóra, son estranxeiros. O seminario de Tarazona conta con 14 seminaristas, e só 1 é nacido na diocese. Das 14.498 relixiosas en conventos de clausura, 781 son estranxeiras. Ata difunden na rede vídeos vocacionais en Youtube, coma as carmelitas de Osuna, seis españolas e seis colombianas, imitando prácticas doutros mosteiros latinoamericanos, coma un brasileiro con música e letra rapeadas. Na foto, dous novicios brasileiros, comprométense na Orde de San Bieito, en Samos, con outros 13 monxes.

7

O 27, é o **DÍA DO TEATRO**, e na antevéspera entréganse os Premios María Casares, da Asociación de Actores e Actrices, no Rosalía de Castro da Coruña, onde naceu a actriz (1922) e da que se publican nestes días as memorias: 'Residente privilexiada'. Foran editadas no 1980 en francés, xa que viviu exiliada en Francia dende os 14 anos, co seu pai Santiago, Primeiro Ministro no 1936. O título é un trasunto de como se consideraba en Francia, representando o mellor do teatro existencialista. A obra apaixonada mostra a gran escritora. A morte impediulle asistir á gala da 1ª edición dos premios. Nos homenaxeamos a Rubén García, que finou en outubro, director da Feira das Artes Escénicas e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que no verán vai celebrar os seus 25 anos. Xa antes, no 1973, creara a Mostra de Teatro Abrente…, con Manuel Lourenzo e outros. Optan aos premios 28 montaxes e 281 profesionais da escena.

8

A AUGA é un don que se axeita ao terreo para transformalo e vivificalo. Hai cooperantes, coma Benito González, de Cangas, na Cruz Vermella, que loita polo seu uso potable, no Sáhara, Mozambique, Albania, e no verán nos ciclóns de Haití, coma técnico de plantas potabilizadoras. A falla de auga vai provocar guerras. No Golfo Pérsico, cun 5% da poboación mundial, a auga potábel é o 0,9%. Pero a contaminación chega aos nosos fogares embotellada en plástico, o PVC. Outra enchenta, a do plástico, tan perigosa para a Terra, coma os ciclóns. Despreciando, acotío, a auga fresca que flúe pola tubaxe ata as nosas billas, onde se perde ata un 17%. Nun ano, 46 millóns de m^3. Temos o subministro máis barato e cada galego gasta 159 l./día.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Actualidade

Redacción

Facendo méritos para a Historia

A Feijoo cómpre, de momento, asignarlle un dubidoso mérito histórico: ter feito da lingua de todos e todas unha cuestión de controversia electoral. Disque o "factor lingüístico" foi decisivo no resultado. Pero no triste capítulo da historia do galego que acaba de rematar (agora comeza outro), houbo máis actores.

A táctica do bipartito sobre o galego non foi intelixente. Se o que se quería realmente era asentar un proceso de normalización –e non facer bandeira ou cortina de fume co tema- era mellor aplicar, sen mover unha coma, o Plan de Normalización Lingüística consensuado co PP no seu momento. O percorrido era aínda enorme. En cambio, aprobar nesta materia un texto sen consenso –por máis que a discrepancia do PP fose por cuestións insignificantes- era un risco innecesario.

Hai dúas linguas e os nosos alumnos non son competentes

Ademais, que proveito real –avance normalizador- e electoral –sumar simpatía- se tira dese empeño en ideoloxizar a fala facendo "causa belli" do uso de "Galiza", "consellaría"e "equipa"? Unha cousa é usar esas formas con naturalidade e outra convertelas en pose imprescindible e marca de nacionalismo ou mesmo armar circos no Parlamento por estas cousas, facéndolle, de paso, un inmenso favor á "prensa amiga".


Houbo máis. Facer a guerra de guerrillas enviando comunicados ameazantes a profesores incumpridores do famoso decreto é un procedemento de dubidosa eficacia para sumar falantes e de notable estímulo para que o inimigo se organice e mobilice. E como non citar aos salvalinguas, tan pouco amigos do mobiliario urbano, que lle "pararon os pés" aos de Galicia Bilingüe, mentres lle daban a Rosa Díez e a súa mentira organizada a alegría galega da súa vida!

E por último: ademais de consenso faltou debate e comunicación. Non se lle explicou á sociedade o decreto de Educación. Non se dixo o fundamental: "temos un problema, hai dúas linguas e os nosos alumnos non son competentes nunha delas (quizais en ningunha, ollo). Temos a obriga de asegurar que sexan bilingües. Non se preocupen, ninguén pretende que o seu fillo sexa galegofalante á forza, só pretendemos que sexa lingüisticamente competente".

Ignoramos a proposta de Feijoo, nin a súa altura de miras. Pero o "radical-liberalismo" é a negación da "política lingüística". E o que é peor: aos da causa do galego non lles debe nada; aos outros, o poder.

O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Veño de ler unha cousa moi bonita sobre as tres miradas da coresma que non deixan de ser unha revisión de vida. A coresma convídanos a practicar a oración, o xaxún e a esmola con mais intensidade pois tratase de volver o corazón a Xesús. Así a oración é o feito de levar a mirada a Deus que é misericordia, sen nada que atranque os ollos: escoitar a Deus que sempre fala. O Xaxún sería o mirar cara a un mesmo, ben a dentro: cantas cousas e situacións para desapegar, para nos liberar! A esmola, é a última mirada, arredor, aos irmáns, aos que sofren. Pareceume bonito pola sinxeleza que resume tantos tratados.

É tempo de perdón e ando cavilando que precisamos unha revolución do perdón. Canto ben non faría un perdón ben vivido! Primeiro perdoarse a un mesmo de tantas feridas e remorsos, pois anda moita xentiña torturada pola culpabilidade e logo nótase ben porque non hai amor. Dicía Manuel Rivas que os bares están sempre tan cheos porque hai pouco amor nas casas. Pero tamén instalar o perdón no barrio, na cidade, na política...o Baltar pediu perdón polas burradas que dixo na campaña, está ben, o que non sei e se reparou o dano e o odio sementado.

Para min que o perdón é cando Deus te abraza coma un pai ou unha nai, aínda sabedores do mal feito seguen a querer aos seus filliños. O sacramento do perdón debía ser a gran aperta de Deus Pai, o gran bico de Deus Nai. O malo que para tanta xente foi moitas veces a gran labazada de Deus que deixou marcas para toda a vida. Agora din que a xente xa non confesa os pecados porque non cren nos curas, e digo eu, para onde irán os pecados? Non haberá que buscar outras portas por onde botalos fóra da casa?

Botaron flor os pexegos, unha flor fuxidía pero fermosa como o bico de Deus no tempo da Coresma, paga a pena mirar as flores e saber do aloumiño do perdón.

O CARRABOUXO por Xosé Lois





Entrevista

"O eixo de todo o meu traballo é a teoloxía da liberación"

J. A. Martínez



Aproveitando a visita do teólogo J. J. Tamayo a Santiago para participar nun ciclo de conferencias sobre a laicidade en España, conversamos con el e repasamos un dos debates de máis plena actualidade e a situación da teoloxía no Estado español

O interese que existe na actualidade sobre o tema do laicismo en España, é un debate de moda ou un debate necesario?
Eu penso que claramente o segundo. Independentemente da súa presenza, ou non, na primeira plana informativa, é un debate no que hai que profundar.

En tempos en que a crise económica parece que o monopoliza todo, dende as preocupacións da xente ás portadas dos xornais e todo tipo de faladoiros, cre que se vai a manter un espazo e un interese por este debate?
A crise financeira non nos debe obrigar a renunciar ao debate. Non son aspectos excluíntes. Reflexionar sobre a relación da Igrexa católica e o poder ou sobre a laicidade non impide loitar pola xustiza e por evitar o individualismo insolidario. É verdade, porén, que ao falar de relacións Igrexa-Estado, moitas veces esquécese o referente social que ambas as institucións deben ter; e é por aí por onde debería orientarse o debate, non polo mantemento duns privilexios.

a xerarquía defende unha presenza pública da Igrexa por vía de poder

As relacións entre relixión e Estado parece que derivan, mesmo, a disputas de tipo terminolóxico. Así, utilizando a Constitución, hai quen defende que estamos nun Estado non confesional, pero non nun Estado laico.
Este é un falso debate. Ao meu modo de ver, ambos os termos son equivalentes. Os únicos que establecen unha diferenza son os bispos, cun claro interese: defenden un Estado non confesional porque entenden que este lles deixa espazo na vida pública. Defenden unha presenza pública que sempre chega por vía de poder, non desde os marxinados ou desde os movementos sociais, o que realmente xustificaría a súa presenza. O debate, así entendido, desemboca nunhas formulacións burguesas, que nada cambian a sociedade.

Considera que existe un clima social bo para este debate ou cre que é o único posible? Cre que se dan as condicións para un verdadeiro diálogo?
Non existe un debate teórico porque os intereses que se xogan dunha e doutra parte son moi pragmáticos. Á xerarquía non lle interesa entrar no fondo do problema, xa que o que busca é a consecución e o mantemento dun espazo de poder e ideolóxico. Ao goberno non lle interesan unhas propostas verdadeiramente laicas porque lle pode supor unha perda de apoio electoral entre posibles electores católicos.

Como se podería enfocar o debate para conseguir resultados frutíferos?
Hai que expor o tema noutro marco, noutro escenario. Agora está exposto segundo o interese de cada unha das institucións. Esta situación non nos exime, aos que nos movemos neste campo de reflexión e estudo, de tratalo en profundidade e con gran rigor. Bótanse a faltar espazos de diálogo entre crentes e non crentes, como os que existiron nos anos 70, por certo, dunha calidade moi elevada. Agora frivolízase con asuntos como a posible existencia de Deus na publicidade dos autobuses urbanos. Insisto, no terreo político, ideolóxico, relixioso, o pragmatismo impide que haxa debates teóricos sólidos e argumentados.

Unha traxectoria teolóxica arredor da teoloxía da liberación

Se atendemos ás túas publicacións, o teu traballo teolóxico evolucionou ao longo da túa traxectoria vital.
Si, pero o eixo de todo o meu traballo foi a teoloxía da liberación. Nun primeiro momento a miña teoloxía enfocábase dende a perspectiva económica e social, porque a situación nese momento era dramática. Logo xurdiron novos fenómenos. Antes faciamos teoloxía cristiá da liberación, centrándoa no económico e social. Pero a teoloxía da liberación é unha teoloxía en camiño, non pechada. Non é unha teoloxía perenne, que formule unhas afirmacións válidas para todo tempo e contexto. Non é dogmática; reformúlase cos novos procesos históricos. Xurdiron novos fenómenos históricos desde os anos 80 que hai que ter en conta.

Cales son eses novos fenómenos?
Fundamentalmente dous. O primeiro é a toma de conciencia de que a pobreza e a marxinación non se reducen ao campo



Tamayo nun relatorio do último Congreso de Teólogos Xoán XIII

socioeconómico. Hai tamén discriminacións por razón de xénero (marxinación da muller), de etnia (discriminación do mundo indíxena), relixión (destrución das relixións ancestrais), procedencia xeográfica (xenofobia, sobre todo contra os inmigrantes. Constátase como o avance do neoliberalismo estende a pobreza a outros sectores sociais ou mesmo a continentes enteiros.

O segundo é a diversidade cultural e relixiosa. Non vivimos en tempos de relixión e de cultura únicas. Nun mesmo territorio coexisten ou conviven cidadáns e cidadás pertencentes a diversos sistemas de crenzas, concepcións ideolóxicas e culturas diferentes. É necesario traballar teoloxicamente estes fenómenos novos, mais non dun xeito culturalista, senón tendo como eixo a teoloxía da liberación, ampliando o horizonte, de igual xeito que se integra o paradigma ecolóxico ou o feminista, sempre no horizonte da teoloxía da liberación.

A túa teoloxía abrangueu, entón, moitos campos que se foron enriquecendo mutuamente.

Efectivamente, non se trata de substituír teoloxías, senón de ir incorporando os novos, respondendo aos novos desafíos e propor alternativas, pero mantendo o mesmo eixo. Acabo de entregar en imprenta un novo libro, *Teoloxía da liberación, novos paradigmas*, e avanzo en novos proxectos, cara a unha teoloxía intercultural e do diálogo interrelixioso, porque ata agora fixemos unha teoloxía da liberación cristianocéntrica.

A nosa tarefa é facer unha teoloxía crítica da relixión do mercado

Relixión e teoloxía na actualidade

Cando se anunciaba que a relixión ía perder peso, continúa a manter a súa presenza.

O absoluto, o misterio, o sacro ten pervivencia. O que aconteceu é que sucedeu un cambio de sacro, non a súa desaparición. Non existe un proceso de secularización do profano. Antes o sacro era a Igrexa, agora o sacro é o mercado; antes o sacro era un sacerdote, agora o sacro é un presidente dun banco. Non desapareceu a relixión, senón que cambiou de lugar. A nosa tarefa consiste en facer unha teoloxía crítica da relixión do mercado, como antes se fixo da relixión evasiva ou espiritualista.

Como ves a saúde teoloxía española actual?

Penso que estamos nunha etapa de *stand by*. Houbo unha gran produción desde os anos 70 aos 90, grazas a que se daban uns condicionantes moi determinados: nutrímonos de toda a riqueza e creatividade da teoloxía da liberación e da teoloxía europea, nun espazo xeocultural e xeorreligioso privilexiado. Un exemplo son os nosos congresos de teoloxía. Xurdiu unha teoloxía política, unha teoloxía que respondía ao desafío da increnza da secularización, pero que tamén, pola influencia latinoamericana, atendía á pobreza e á marxinación. Os dous polos mantiveron á teoloxía española nun nivel moi alto de creatividade e de rigor epistemolóxico.

Dos 90 en diante posiblemente existe un freo na creatividade. Penso que é a perspectiva intercultural e interrelixiosa a que vai dar máis froitos. Xa non se pode facer teoloxía só desde o cristianismo e a modernidade. Esta proposta sería cristianocéntrica e occidentalcéntrica, e deixaría fóra do eido da reflexión e do proxecto de liberación a dous terzos da humanidade.


A visita privada do Secretario de Estado do Vaticano reforzou a polémica das relacións Igrexa-Estado

Para coñecer: andar ou ler

Clodio González Pérez



Estatua do Conde de Cabanelas e Covelo

Polas terras do conde de Cabanelas e Covelo

Quen primeiro me falou deste curioso personaxe foi o finado mestre don Antonio Fraguas Fraguas. Cando contaba a súa nenez, ao referirse á escola adoitaba engadir que á volta de seu pai de Brasil, antes de que toda a familia decidise marchar para o devandito país, pensaran mandalo unha tempadiña á que fundara na parroquia de Covelo (A Lama) o conde de Cabanelas, pero non fora así porque xusto daquela expulsaran a un dos mestres do devandito centro "por asuntos de faldas" e abrira escola de pago en Famelga, a curta distancia da súa casa.

Don Antonio, malia non o ter moi claro –cómpre ter en conta que non era veciño e que tampouco nunca o chegara a tratar-, falaba del como dunha persoa extraordinaria, dun verdadeiro benfeitor, que non se conformara con achegar unha enorme fortuna, senón que tamén fixera partícipes dela a varios familiares e veciños en xeral da súa freguesía natal.

Hai uns anos tiven que redactar un traballiño verbo da romaxe da Virxe do Pelete, na mesma parroquia de Covelo, santuario relacionado cos arrieiros do viño do Ribeiro por ficar nun dos seus camiños, e aproveitei para facer un percorrido por estas terras e ao tempo comprobar o que quedaba da obra do filántropo conde, e, francamente, quedei admirado da súa xenerosidade.

Manuel Barreiro Cabanelas, que malia a usar o devandito o título nobiliario nunca lle fora concedido, naceu en Covelo e, seguindo o vieiro dos máis dos veciños e parentes, de moi novo emigra para Río de Janeiro. Non se sabe como acadou tanta fortuna e tan axiña: cóntase que foi aos vinte anos e no xogo, grazas ás relacións que mantiña cunha serventa do casino que lle facilitou as claves de facer as trampas.

Certo ou non, o caso é que dende entón convértese na persoa máis querida do lugar: manda construír varios centros escolares, agasalla con vivendas a parentes, fai doazóns á igrexa parroquial, ao asilo de anciáns de Pontevedra, etc., etc. As obras



Motivo ornamental nunha das casas

construúense baixo a súa dirección, encargándose da execución e da parte ornamental o seu parente, o canteiro e escultor Alejandro Cabanelas Araujo.

Case todos os anos viña pasar aquí uns días, cadrándolle estar cando estoupou a sublevación franquista o 18 de xullo de 1936, fuxindo por Portugal a Brasil. Dende entón non regresou máis, e as escolas que mandara construír e que sostiña correndo con todos os custos remataron por quedar abandonadas. Faleceu en 1951 no asilo de anciáns da avenida de Río Branco de Río de Janeiro, fundado por el e ao que legou toda a fortuna.

Malia ao abandono dunhas construccións e ás barbaridades cometidas noutras nas últimas décadas, aínda chama a atención a urbanización deseñada polo conde, as escolas, as casas, o curioso muíño situado pola parte de arriba do lugar, o panteón (para o que non viñeron os seus ósos) e, sobre todo, a súa estatua pétrea de corpo enteiro, esculpida por Alejandro Cabanelas, que



As dúas escolas

mandou poñer sobre un alto pedestal no medio da praza, cunha legoña na man dereita alusiva á súa humilde orixe. A ferramenta apóiase en varios terróns ou bostas, así din os veciños, polas moitas que apañara polos camiños de neno.

A memoria do conde de Cabanelas e Covelo, personaxe curioso e filántropo, digno de figurar entre os homes ilustres da Lama, perdurará mentres segan en pé algunhas das obras que mandou construír na súa terra natal para ben de todos.



Entre todos País de misión

Antón M. Aneiros



Non hai moitos días que apareceu na prensa unha nota da Conferencia Episcopal española, poñendo de manifesto a preocupación dos bispos porque os pais están deixando de bautizar os seus fillos. E como remedio, os bispos queren empezar declarando España terra de misión, para traer a ela misioneiros importados doutros países. Algo parecido ao que pasara na Francia da III República. Agora din que isto é así porque hai persoas que non están bautizadas e descoñecen o evanxeo, e outras que aínda estando bautizadas apartáronse del. Poderíase admitir que, baixo o punto de vista dos bispos, o seu diagnóstico sobre a sociedade actual é acertado, pero non así a solución que propoñen, que parece, polo menos culturalmente, chocante. Por outra parte, xa o mesmo Concilio Vaticano II – do que non queren oír falar – recoñeceu que o caracter misioneiro da Igrexa debería ser reorientado. A autonomía da persoa e o dereito de todos á inalienable liberdade individual, incluída a relixiosa, negan as prácticas colonizadoras que acompañaron ás obras misioneiras pontificias na maioría dos casos.

A declaración da C. Episcopal parece unha saída de ton ante unha sociedade que busca construírse en liberdade, sacudindo xugos e imposicións de épocas pasadas. Pero ás veces, a un ocórreselle pensar que os bispos españois parecen ansiar o retorno do réxime de cristiandade que viviu España despois da desgraciada Guerra Civil, cando todos se bautizaban, ían á misa e estudiaban obrigatoriamente a relixión cristiá. E logo, non queren ver que o resultado de todo aquilo fóra só unha fachada de catolicismo, máis sociolóxico que verdadeiro, máis de formas e de aparencia pero non de vida, máis obrigado que libremente aceptado.

Creo que foi Heráclito de Efeso quen dixo: “non te bañarás dúas veces no mesmo río”. Porque el sabía ben que o río era a auga que pasaba. Pero a mesma auga nunca pasa dúas veces, senón que, prestado o seu servicio, descansa logo no mar. Cada auga que pasa é un río distinto. Iso mesmo ocorre cos tempos. Os que son pasados nunca máis voltarán.

<entre todos@hotmail.com>

Ás furtadelas



Que nos pode achegar este novo libro sobre a desigualdade de xénero? Que é o novidoso do mesmo co moito que se escribiu e reflexionou ao respecto? Fundamentalmente a perspectiva desde a que foi escrito. Xa na introdución se parte dunha formulación chave: os cambios que están tendo lugar na familia non son alleos aos cambios que están ocurrindo a toda a sociedade.
Unha lectura da realidade social desde a imposibilidade de que homes e mulleres se desenvolvan en plenitude desde o actual modelo de organización do traballo que o sistema nos impuxo.
Outro aspecto é o grave obstáculo que o propio sistema supón para que a persoa, varón ou muller, compatibilice a vida da familia e a organización do traballo.
E por último, sitúanos en posibles claves para vislumbrar camiños de nova humanización tanto para os homes como para as mulleres.

Comentario de Rosa Gisbert ao libro *Mujeres y hombres en conflicto*, de Ana María Rivas e María José Rodríguez. Publicado en "Noticias Obreras", enero 2009.Ed. Espiral maior

http://

http://espiritualidadypolitica.blogspot.com
Blog realizado por Cristóbal Cervantes, que como el mesmo se presenta, é un cidadán do mundo que vive nunha cidade media do Estado, traballa nunha oficina e ao que lle interesan a política e a espiritualidade non dogmática, ademais de estar informado e reflexionar sobre o que pasa na actualidade. Neste blog atoparemos importantes aportacións de importantes referencias espirituais do noso tempo.

http://www.agareso.net/
A Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) é unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que están comprometidos coa produción, realización e difusión de proxectos de cooperación e solidariedade, tratando de xerar unha muda cara a unha sociedade máis inclusiva e xusta. Na web atoparemos as máis diversas novas dende este punto de vista.

http://www.recursosparaogalego.com/
Estamos ante un espazo para o galego, con ferramentas, innovación, coñecemento e información. Desde aquí podemos acceder a variados recursos existentes en internet que permiten facer da lingua galega unha lingua de futuro e innovación; unha lingua que camiña cara á súa recuperación. Deste xeito atoparemos ligazóns a correctores, dicionarios e vocabularios, tradutores, así como outros recursos para facilitar a aprendizaxe do noso idioma.

Como diciamos onte...

De sobra saberás que o pasado 20 foron as eleccións ó primeiro Parlamento de Galicia. Queremos felicitarte, porque esta vez non tiveches preguiza pra ires a votar e preocupácheste máis do que outras veces pola túa terra e pola túa xente. Pero, con todo e mellorar, só votou o 45%, e máis da metade da súa xente quedou na casa e iso non nos parece ben. A política debe ser de todos e non só dos políticos.
...
Tamén saberás que cos teus votos déchesslle o trinufo á dereita.
...
Nós cremos que hai persoas honradas e ben intencionadas nas dereitas e nas esquerdas, nos nacionalistas galegos e nos nacionalistas españoles. Pero coas persoas non chega... hai que mirar o tratamento que lle queren dar ó mal de Galicia, ós nosos problemas...



Terra e xente (Irimia nº 1)
Novembro de 1981

As outras portadas



Sor citröen e a feixooneta blindada





Xa empezamOOS?

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

SUBSCRICIÓNS: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico -** irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia

Boa Nova



A PALABRA

Domingo 22 de marzo
Domingo 4º de Coresma

Naquel tempo dixo Xesús a Nicodemo: "Como Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que too o que cre nel, teña vida eterna. Pois de tal xeito amou Deus ao mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o cre nel non se perda, senón que teña vida eterna. Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, no é xulgado; mais o que non cre xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus (...)"

O ECO

Éche toda unha experiencia asistir a un curso de informática para adultos. Un xa perdeu a práctica de que lle estean explicando algo. A nosa paciencia esváese, e non aturamos moi ben recoñecérmonos nos nosos propios erros e, aínda menos, soportar os dos demais. Se ben era difícil volver ser alumno, mais me compadecía do monitor do curso, intentando avanzar entre a desgana, as eivas ou a mala educación dos seus ouvintes. Mais o que vin sorprendeume: lonxe de lembrar continuamente o que estabamos a facer mal (aspecto co que algúns dos meus compañeiros non tiñan tanta consideración, repetindo "está mal", "non é así", "pero en que estarás pensando!"), con calma, volvía sobre os seus pasos, acomodábase ao noso ritmo, acompañándonos nos nosos escasos progresos. Ao final da sesión ficamos moi sorprendidos dos progresos que acadáramos, inesperados mesmo para as máis optimistas. Que ben aproveitara o seu tempo este monitor, centrándose no verdadeiramente importante. Mágoa que eu non puidese pasar as dúas horas sen "lembrarme" dalgún dos meus colegas.

J. A. Martínez

A CLAVE

Testemuñas da salvación de Deus (Xn 3, 14-21)

O texto evanxélico que se nos propón este domingo remata a conversa de Xesús con Nicodemo. Nel o evanxelista fai unha reflexión moi teolóxica sobre a salvación coa que Deus está a agasallar os homes e mulleres coa chegada de Xesús.

O autor do cuarto evanxeo escribe para unha comunidade que estase a sentir rexeitada tanto pola sociedade romana coma pola sinagoga xudía. Esta situación failles, ás veces, dubidar na súa fe e sentirse marxinados/as no medio no que viven.

Xoán, a través do relato de Nicodemo, anima a súa comunidade a non esquecer o fundamental, que Deus manifestouse en Xesús coma salvación. Esta certeza xermola na experiencia da morte e resurrección de Xesús, que o autor traduce coma a *"elevación do fillo do home"* (3, 14) e que igual que a serpente que fixo que Moisés curara a quen a miraba (Núm 21, 4-9), así tamén descubrir na cruz a man agarimosa de Deus ilumina a vida dun xeito distinto (3, 16).

Vivir isto nun mundo que non o acepta e que cuestiona a verdade da súa fe é para a comunidade xoánica un difícil desafío que as veces a leva a refuxiarse cara a dentro buscando seguridade e apoio. Eiquí o autor recórdalles, que se ben eles e elas son fillos e fillas da luz porque creron en Xesús, non poden pechar a experiencia en eles mesmos/as, senón que están chamados/as a ser testemuña no mundo da luz (3, 11) visibilizándoo na súa forma de actuar (3, 21) para abrir de este xeito a experiencia salvadora de Deus a outros/as (3, 15)

Carme Soto

Falando da lingua Pero que dicía o Decreto 124/2007?

Lidia e Valentina



Vaise derrogar, seica impón o galego. Pero... quen sabe o que di o Decreto? Resumimos o máis importante, e vós xulgade:

Lexisla sobre varios aspectos, pero o que máis deu que falar foi a cuestión da lingua na que se deben dar as aulas. Que dicía o Decreto 124/2007? O fundamental: como mínimo hai que garantir o 50% de materias impartidas en galego. Apoiándose no Decreto 247/1995, que establecera por primeira vez a obriga de impartir dúas materias en galego en todo o currículo, sumóuselle a obriga de dar as matemáticas. Foi este o problema? Os nenos/as non son capaces de aprender que dúas e mais dúas son 4? E non entenden que os números se elevan "ó cadrado" no canto de "al cuadrado"?

Por niveis:

- En **primaria**: deberá haber un 50% en galego. •Materias mínimas en galego: Matemáticas, Coñecemento do Medio, Educación para a Cidadanía.
- En **secundaria**: daranse en galego as Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, que xa se deron desde o ano 1995- e mais as Matemáticas e a Educación para a Cidadanía. Logo o claustro en cada centro complementará o número de materias ata garantir o 50%.
- En **Bacharelato:** non se indica ningunha materia de obrigada impartición en galego, simplemente se di que se garantirá, como mínimo, o 50% da docencia en galego e que se decidirá nos centros cales van ser esas materias.

Como imos garantir a competencia nas dúas linguas se non é a través de que o alumnado "aprenda EN galego" materias troncais do currículo? En ámbitos urbanos e castelanfalantes, como se vai facer para que un neno "teña competencias en galego" se só recibe tres horas á semana desa lingua na escola e nada máis?

O Decreto tamén regulaba o ensino na Educación Infantil, que sería na lingua materna predominante no contorno, pero cando esta lingua sexa o castelán, haberá que dar un 50% de horas en galego.

Recordamos que este Decreto é a primeira concreción do Plan Xeral para a Normalización Lingüística do galego (PXNLG) aprobado por todos os partidos no Parlamento no ano 2004 e reitera o obxectivo último trazado na Lei de Normalización Lingüística (LNL): **garantir a competencia lingüística en galego e castelán.**

U-la imposición?? Se aínda por riba non se cumpría e non estaba pasando nada...

O Fachineiro do teatro

As dunas

É o título co que o Centro Dramático Galego acaba de estrear a última produción. A peza está baseada nun texto de Manuel Lourenzo pero que vemos tuneado por unha máquina irreverente de imprimir ritmo aos papeis chamada Quico Cadaval. Fora el quen se encargara tamén da dirección de *Noite de reis*, a adaptación do texto de Shakespeare que encheu de espectadores os teatros galegos o último ano, un éxito que obrigou á súa reposición. Neste caso a obra está ambientada na Mariña, onde un construtor quere abrir un "free spa" e para celebrar esa apertura -obertura di el en idiolecto canediano- contrata unha compañía que inclúe unha "bailarina titulada". Aínda que non lle gustou a este fachineiro tanto como representacións



anteriores, recoñécelle a crítica á destrución do litoral sepultado baixo a marea de cemento ("gobernan uns e chámanche amigo; gobernan outros e chaman á policía") e tamén o aspecto visual do resultado. Continúa a evolución positiva do CDG -lonxe quedan obras nas que entre un monólogo de Posada Curros e outro podía facer o espectador a carreira de económicas- e percíbese o esforzo de Cristina Domínguez, a directora, por abrir o centro a outras colaboracións e meterse por carreiros que hai anos eran intransitables. En calquera caso, nótase que o equipo artístico fixo o que lle deu a gana de facer. Pero tamén soa a despedida e peche dunha etapa.

A.Q.